

Vigo, 13 de Novembro de 2020

Estimado pai, nai e alumno/a :

Debido á crise sanitaria xerada pola Covid-19 que determina o complicado contexto actual, o Concello de Vigo viuse na obriga de adotar a decisión de non desenvolver nas datas habituais de setembro-outubro 2020 o programa municipal de inmersión lingüística VIGO EN INGLÉS 2020, polo que quero trasladarvos o meu compromiso persoal, todo a nosa implicación municipal e o esforzo preciso para que o alumnado beneficiario poida disfrutar o vindeiro ano desta experiencia inolvidable, enriquecedora e moi beneficiosa para o seu futuro.

Estamos a traballar coa previsión de poder desenvolver a edición “Vigo en Inglés 2020” e as súas estadias lingüísticas en Reino Unido e/ou Irlanda, como opción preferencial entre a 2ª quincena de xuño e a 1ª quincena de xullo de 2021, cando previsiblemente as condicións e circunstancias de seguridade sanitaria permitan a súa realización con todas as garantías para o alumnado beneficiario.


Como ben sabedes, o programa municipal “Vigo en Inglés”, é unha das iniciativas municipais máis exitosas que houbo nunca nesta cidade. Trátase dunha experiencia formativa única que fará posible a mellora da competencia lingüística e a capacidade comunicativa en lingua inglesa dos vosos fillos/as, proporcionándolles ademais a oportunidade de impulsar a súa autonomía, madurez e crecemento persoal nun ámbito internacional.

Dende o Concello de Vigo, seguimos apostando por un futuro mellor, cunha xuventude cada vez máis formada e preparada para que poida desenvolver o mellor camiño profesional.

Non quero despedirme sen comentarvos, a importancia de que todos sexamos máis prudentes e responsables, para así poder diminuír canto antes os contaxios e dobrigar a curva de esta virus tan nocivo.

Agradecendo de antemán a vosa inestimable atención, seguiremos informando de calquera novidade ao respecto.

Unha aperta,



Abel Caballero Álvarez  
Alcalde de Vigo